



**NARÓN**

## **MOCIÓN PARA INSTAR AO CONCELLO A QUE ABRA O PROCESO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS 2026**

**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

O Concello de Narón ten clubs, entidades e asociacións deportivas, grandes embaixadores da nosa cidade alá por onde van. Ademais dun gran número de entidades de ámbito social que traballan día a día por un concello máis inclusivo e igualitario e incluso realizando o traballo que debesen facer as administracións públicas.

En Narón moitas destas entidades sociais e deportivas que traballan na nosa cidade están financiadas en parte por convenios municipais. O Concello de Narón ten un Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 aprobado en pleno municipal. Este plan é un documento de planificación que establece as liñas xerais das subvencións. Temos claro desde o BNG que as nominativas aseguran a estabilidade e o apoio directo a proxectos esenciais ou estratéxicos. Moitas veces a labor destas entidades sociais, culturais, deportivas, veciñais e educativas dependen destes convenios para a realización das súas actividades, polo que desde o goberno municipal débese procurar que poidan dispoñer destas axudas á maior brevidade posible desde o inicio da temporada ou do ano en curso.

A aprobación do PES mostra unha vontade política de continuación destes convenios, ao igual que das subvencións de concorrència competitiva, polo que desde o BNG consideramos necesario que o concello inicie canto antes os trámites necesarios para a elaboración das bases de execución das axudas nominativas para a súa aprobación en pleno e, como se fai noutros concellos, adiantar o pago destes convenios para este ano 2026. Garantir o pago das nominativas é unha obriga de calquera concello.

**Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:**

- 1.** Instar ao concello de Narón e aos seus departamentos técnicos a que inicien o procedemento de elaboración das bases de execución, así como a súa aprobación en pleno.
- 2.** Instar ao concello de Narón a asinar os convenios coas entidades no primeiro trimestre deste ano 2026.
- 3.** Instar ao concello de Narón a adiantar o pago das axudas nominativas ás entidades nun prazo que non supere a metade deste ano 2026.

Narón, 10 de febreiro de 2026

Asdo. Olaia Ledo Díaz